


Nome.....

## XOGOS POPULARES E TRADICIONAIS




Aproveitando que esta semana celebramos o Día das Letras Galegas, imos traballar os xogos populares e tradicionais, e para iso ímonos converter en xornalistas deportivos e investigar e descubrir os xogos populares e tradicionais da nosa zona. Pero para acadar a información axeitada temos que superar unha serie de retos. Anímateee!! Será moi divertido.


### RETO 1: OS XOGOS TRADICIONAIS

Os Xogos tradicionais son parte da cultura de todos os pobos que foron pasando de xeración en xeración de avós a pais e de pais a fillos. Naceron como unha actividade espontánea e motivadora pola necesidade que temos de xogar.

**a) Imaxina que viaxamos a época dos nosos avós e das nosas avoas.... Averigua como se chama cada xogo que practica Marela. Escribe o seu nome debaixo . Non esquezas as maiúsculas!**







---

---


---



---

---


---



---

---

---



---

---

---

b) Agora tócanos de xogar a nós..... Pregunta na casa o nome de dous xogos tradicionais distintos aos que xoga Marela e fai un debuxo deles con Marela. (Podes investigar ti en internet)





## RETO 2: QUE COÑECEMOS DOS XOGOS??

Non sabemos cal é a orixe dos xogos tradicionais. Naceron como unha actividade espontánea e lúdica motivada pola necesidade que temos de xogar.

Pero...todos os xogos son tradicionais?



a. Pensa, investiga e clasifica os seguintes xogos segundo sexan tradicionais ou non: Chapas | Tiro á corda| Balonmán | Patinaxe | Mariola | A goma | Brilé| Tres en raia | Badminton | As canicas| Fresbie|Relevos.

### XOGOS TRADICIONAIS

### XOGOS DEPORTIVOS

### RETO 3: AS REGLAS E O NOME

As regras dos xogos tradicionais son moi sinxelas e pódense modificar segundo o lugar onde se practique. Incluso o seu nome tamén pode variar dunha zona a outra. Fíxate nos seguintes xogos...

a) **Relaciona cada xogo coa súa característica** (Podes buscar como é)

Os bolos	Lanzar un obxecto plano e desprazarse á pata coxa.
As chapas	Faise un guá no chan
A mariola	Saltos dentro dun saco
Tiro á corda	Coller o pano e fuxir
A ra	Facer xirar
A buxaina	Camiño debuxado no chan
Carreira de sacos	Lanzar a bola contra os... e derrubalos
O pano	Turrar máis que o outro equipo
As canicas	Lanzar pellos (discos pequenos)



## RETO 4: ADIVIÑAS



Como parte da cultura galega, tamén se fixeron adiviñas dos xogos tradicionais.

a) Adiviña, adiviñanza..... Descubre quen son e debúxame.

Non teño pes nin mans  
bailar é o meu destino  
na palma son levado  
e entreteño ós meniños

Boliñas pequenas  
de metal ou de cristal  
mételas no ollo  
e nunca as perderás

Un arco arriba  
e ti debaixo;  
un arco abaixo  
pasas por riba

## RETO 5: INVESTIGACIÓN

Como xornalistas deportivos que sodes tedes que buscar información sobre un xogo tradicional ao que xogaran os vosos avós ou as vosas avoas ou ben en internet.

a) **Elaborar unha ficha coa seguinte información:** nome do xogo, nº de participantes, lugar onde se xoga, materiais que utilizamos, desenrolo do xogo, regras e época do ano na que se pode xogar.